

N

TURGALICIA
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 151 1-7 ABRIL '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/ Uruguai 2, 3º dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: imaxenova@imaxenova.com



TURISMO RURAL PARA MAIORES

TURGALICIA pon en marcha o programa de primavera "Galicia Natural" en nove comarcas galegas, destinado a maiores de 65 anos

A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, **TURGALICIA**-Dirección Xeral de Turismo, en colaboración co departamento de Benestar Social da Xunta de Galicia, pon en marcha para esta primavera o programa de Turismo Rural para maiores "Galicia Natural".

Con el, ofrécese a persoas maiores de 65 anos paquetes turísticos que inclúen aloxamento en casas de Turismo Rural de Galiza, con pensión completa, transporte, actividades de animación sociocultural, visitas turísticas, acompañamentos de guías, entradas a museos e tratamentos termais. O programa "Galicia Natural" deseñouse coa colaboración de nove asociacións de Turismo Rural de Galiza, polo que as persoas que participen nel poderán elixir entre nove propostas diferentes, unha por cada zona, representadas por cada unha das asociacións colaboradoras.

O número total de prazas asignadas ascende a 585, e cada área xeográfica recibirá un grupo de 45 persoas.



Este programa de Turismo Rural para maiores desenvolverase entre o 26 de maio e o 27 de xuño en casas de Turismo Rural do Sur de Pontevedra, Tabeirós-Terra de Montes, Allariz, A Costa da Morte, A Ribeira Sacra, o Sur de Lugo e as comarcas do Deza e do Eume.

Requisitos

Para participar en "Galicia Natural" é imprescindible ser maior de 65 anos ou ter 60 coa condición de pensio-

nista; non ser dependente, e carecer de contraindicacións médicas que impidan a realización dalgunha actividade. As prazas están reservadas a maiores residentes en Galiza e doutros territorios estatais.

Os establecementos participantes son os encargados de organizar as actividades programadas.

Pódese obter máis información sobre este programa na páxina www.turgalicia.es e no teléfono **902 200 432**